

Informe de resultados


Avaliación da satisfacción do PTXAS de doutoramento

2025

Programa de Medición da Satisfacción

Doutoramento

2022/23 a 2025/26



Índice

I Introducción	3
II Participación	6
III Resultados de satisfacción	9
IV Resultados cualitativos	12
V Conclusións	13
VI Análise de Expectativas	14
VII Anexos	14

1 Introducción

Presentación do informe

A garantía da calidade dos centros da Universidade de Vigo e das súas titulacións adscritas establece que, para xestionar esta con criterios de excelencia, é preciso recoller información sobre a satisfacción dos seus grupos de interese relevantes.

A avaliación dos usuarios/as ou grupos de interese é unha ferramenta recoñecida e empregada de xeito cada vez máis xeneralizado nas Administracións Públicas como unha fonte de información moi útil para mellorar o servizo prestado. Tamén, os Criterios e Directrices para a garantía de Calidade no Espazo Europeo de Educación Superior establecidos por ENQA ([ESG/ENQA 2015](#)) identifican e recoñecen a súa importancia.

O programa de Medición da satisfacción orientado aos grupos de interese dos estudos de doutoramento da Escola Internacional de Doutoramento (Eido) é un eixo de traballo posto en marcha en 2017 para implantar e mellorar a xestión da calidade en doutoramento, que ten unha estreita relación cos demais programas de calidade da Escola (o SGC, os programas de verificación, seguimento, modificación e acreditación dos programas de doutoramento, o programa HR Excelencia na Investigación).

A [Estratexia da Eido 2022/26](#) integra a participación, a oferta formativa con altos niveis de calidade e a consolidación da cultura de calidade como liñas estratéxicas de actuación e, en coherencia, a mellora da satisfacción de todos os axentes da formación doutoral como un dos seus obxectivos de calidade.

Así, a Comisión de Calidade da Eido aprobou, en xullo de 2023, un novo ciclo de actividades de avaliación que abrangue ata o curso 2025/26. Esta planificación identificou:

- os obxectivos da medición,
- os grupos de interese relevantes para avaliar,
- o itinerario operativo (programación temporal) da realización das avaliacións, e
- as metodoloxías para levalas a cabo.

O persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS) ligado aos estudos de doutoramento constitúe un destes grupos de interese relevantes.

Datos descriptivos do informe

Responsabilidades:

- A Área de Calidade é responsable da súa elaboración
- A xefatura do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao, en coordinación coa dirección da Eido, son responsables da análise previa da información (resultados) e da presentación na Comisión de Calidade da Eido
- A Comisión de Calidade da Eido é responsable da súa análise e avaliación para a toma de accións de mellora.

Data de elaboración: febreiro 2026

Publicación e difusión dos resultados: Portal de transparencia da UVigo, tras análise na Comisión de Calidade.

Descrición da medición

Obxectivo da avaliación: obter información útil relativa á satisfacción do PTXAS respecto do ciclo de doutoramento para mellorar a calidade deste, contribuír á mellora do funcionamento dos servizos asociados a este ciclo, da formación do estudiantado de doutoramento e á mellora da propia universidade.

Alcance: o persoal dos servizos e áreas cuxas actividades están relacionadas directamente cos estudos de doutoramento, consonte a Relación de Postos de Traballo. En particular

- o Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao (inclúe o persoal de apoio á Eido)
- as áreas académicas de mestrado e doutoramento
- en función das circunstancias, tamén persoal das áreas de apoio a investigación, áreas económicas...

Por outra parte, os programas de doutoramento (PD) avaliados, en conxunto, son todos os activos adscritos á Eido (41 PD máis os 6 en extinción). A listaxe destes PD pode atoparse nas táboas de datos [Anexo 5].



Informe de Resultados – Satisfacción do PTXAS de doutoramento 2025

Poboación que avalía:

- PTXAS que forma parte dos servizos mencionados á data da avaliación: 46 persoas
- O detalle da poboación por campus pode consultarse nas táboas de datos [anexo 5].

Metodoloxía temporalidade: técnica grupal (grupo nominal) que combina un cuestionario pre-definido administrado de xeito persoal con traballo en grupo sobre temáticas relacionadas. Programada para maio de 2025. Non hai cambios no cuestionario en relación á actividade anterior.

- Máis información sobre a metodoloxía da medición na Ficha técnica [anexo 1] e no Cuestionario de avaliación [anexo 2].
-



II Participación

Actividades de comunicación e difusión

A difusión das actividades de avaliación programadas e as mensaxes promocionais para o PTXAS implicado realizáronse en novembro de 2025.

Incidíuse na relevancia da actividade, na relación e importancia do traballo do PTXAS no ámbito de funcionamento do doutoramento e na participación.

-Mensaxes informativas previas → Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao, de xeito institucional, quen tamén organizou a reserva das salas e a dispoñibilidade do material de apoio.

- 06.11.2025 destinadas aos administradores/as de campus/ámbito
- 13.11.2025 persoal do campus de Ourense (re-envío para nova data o 27.11)
- 13.11.2025 persoal do campus de Pontevedra
- 18.11.2025 persoal do campus de Vigo

Adicionalmente, en cada unha das sesións grupais presentouse un estado de síntese sobre os aspectos máis relevantes da avaliación de 2021 [Anexo 3_Melloras satisfacción do PAS 2021].

Período efectivo de recollida de datos

Tomando como referencia a descentralización administrativa dos estudos de doutoramento nos campus e o tamaño desexable dos grupos, as actividades organizáronse en 4 sesións, cunha duración aproximada de 2 - 3 h.

As reunións grupais estruturáronse por campus entre os días 25 de novembro e 9 de decembro de 2025:

- o Campus de Pontevedra (unha sesión prevista para 5 persoas): 25 de novembro
- o Campus de Vigo (dúas sesións, previstas para 18 persoas cada unha): 26 de novembro
- o Campus de Ourense (unha sesión prevista para 5 persoas): de inicio prevista para o 24 de novembro, adiouse ao 9 de decembro

As actividades foron dinamizadas por persoal técnico da Área de Calidade coa colaboración do coordinador de calidade da Eido.

Dinámicas dos Grupos Focais e Propostas de Mellora

A partir da metodoloxía establecida na Ficha técnica, en cada sesión desenvolvéronse as actividades do seguinte xeito:

1 Valoración xenérica das temáticas (preguntas) → todas as persoas

- Resultado: valoración numérica + realización e consolidación de comentarios e suxestións


2 Valoración xenérica dos criterios para os PD → cada persoa valoraba os PD asociados ao seu ámbito específico + as persoas de servizos centrais realizan unha prelación dos PD con maior e menor calidade

- Resultado: valoración numérica

3 Dinámicas grupais → todas as persoas: estruturación por grupo e temática elixida (se o tempo o permitía)

- Resultado: achegas de propostas de mellora temáticas


Os datos completos das dinámicas individuais de cada sesión (valoracións ás cuestións, elementos de mellora, valores medios e fortalezas e propostas de mellora identificadas en cada grupo) poden atoparse nos [Anexos 4_1 a 4_4 GF PAS 2025].



Resultados de participación

- 22 respostas efectivas sobre a poboación de 46 persoas → **Taxa de participación = 47,83%**

Aumento en relación á medición anterior (2021), que foi dun 38,1%. A taxa acadada está en liña cos altos resultados de participación do estudantado e do profesorado, que estabilizan en valores arredor do 50%.



[Taxas de participación e tendencia históricas]

Participación por campus e ámbito

Por campus, a maior participación dáse no de Ourense (80%), que duplica os resultados da edición anterior, aínda que, tratándose dunha poboación pequena, a variabilidade pode ser significativa. O campus de Pontevedra mantén valores arredor do 60% e do de Vigo aumenta do 32% a case o 42% (máis de 2/5 das persoas), o cal provoca un aumento no resultado xeral da Universidade ao ser o campus con máis peso poboacional.

No campus de Vigo, baixando ao nivel do ámbito, a maior participación vén do Tecnolóxico – EE Industrial e de Ciencias Experimentais, sendo nula no Tecnolóxico – Teleco/Minas, o que impide dispor de resultados de satisfacción respecto dos PD asociados.

➤ Máis información: Táboas de datos PTXAS 2025 [anexo 5].

III Resultados de satisfacción


Resultados globais

En liñas xerais, o resultado de satisfacción global, é dicir, o agregado dos valores de todas as preguntas do cuestionario de todas as persoas participantes, foi:

→ Grao de satisfacción = 3,13 / 5

En síntese, o resultado global de satisfacción é positivo, por riba do punto medio da escala (3= *Acceptable*), é dicir, na área de satisfacción. Por contra, diminúe 2 décimas respecto de 2021 (3,33) e está de xeito claro por debaixo do obxectivo de calidade para 2024/25 (3,95).

En todo caso, hai que ter en conta que o obxectivo xeral do grupo focal está orientado máis á xeración de ideas (cualitativo) que a obtención dun valor (cuantitativo). O valor transmite unha dimensión da satisfacción relativa, máis aínda tratándose de grupos cun tamaño pouco significativo estatisticamente.



[Índice de satisfacción, tendencia histórica e obxectivo de calidade, PTXAS]

Satisfacción por campus

Por campus, tanto o de Ourense como o de Vigo diminuíron a súa satisfacción entre 4 - 5 décimas. Ademais, o de Ourense entra na área de insatisfacción, cun valor de 2,62 / 5. Pola contra, no campus de Pontevedra prodúcese o efecto contrario, acadando un valor de 3,21 / 5. Ningún deles acada o obxectivo de calidade.

Con todo, Vigo segue acadando os valores máis altos.

Satisfacción por temáticas

Por seccións, os aspectos máis valorados seguen a ser, como no ano 2021, a organización e desenvolvemento (3,55/5) e a xestión de calidade (3,48/5) e a información e transparencia (3,34/5). Con todo, ningunha sección en ningún campus acada o obxectivo de calidade.

Pola contra, a sección de recursos humanos (2,47/5) e de recursos materiais e servizos (2,73/5), seguen a ser as máis penalizadas, empeorando os resultados previos, todos eles na área de insatisfacción.

Satisfacción global por preguntas

Por preguntas, os valores máis positivos afectan ao contacto co estudantado (3,89/5), á coordinación con outros servizos / áreas administrativas en doutoramento (3,75/5) e a información proporcionada pola páxina web da Eido (3,63/5), que é a única que mellora respecto de 2021. En particular, no campus de Pontevedra o contacto co estudantado acada un valor de 4,67/5, a coordinación con outros servizos 4/5 e a información da web da Eido tamén 4/5, resultados que melloran os previos e os únicos que acadan os obxectivos de calidade.

Os valores máis negativos afectan á formación en doutoramento (2,23/5), a dotación de persoal (2,42/5) e as ferramentas informáticas dispoñibles en doutoramento (2,56/5), todos na área de insatisfacción, todos coincidentes cos resultados de 2021. En particular, no campus de Ourense acádanse os peores resultados.


Estes valores concordan coas fortalezas e propostas de melloras xerais identificadas.

Os datos completos dos resultados de satisfacción, segregados por cuestión, sección e dimensión poden atoparse no [Anexo 5] Táboas de datos PTXAS 2025.

Satisfacción por PD

Por programas, 13 PD superan o obxectivo de calidade (un 32%), se ben este dato hai que tomalo con moita cautela dada a mínima poboación asociada a cada un deles (taxa de resposta) e ao feito de que mesmo en 8 PD non hai resposta.

Por rama de coñecemento, a significación estatística é maior, destacan os PD de Artes e Humanidades e Enxeñaría e Arquitectura, ambos os dous por riba do obxectivo de calidade. No sentido contrario, a rama menos valorada é a de Ciencias, cun valor inferior a 3/5.



[Índice de satisfacción dos PD por rama de coñecemento e obxectivo de calidade, PTXAS]

Por mor da pouca significación estatística, decídese eliminar as valoracións cualitativas (prelación) dos PD de maior e menor calidade do persoal de servizos centrais.

IV Resultados cualitativos

As temáticas que máis se comentan, tanto en termos positivos ou fortalezas como en termos negativos ou de mellora, son as relacionadas con:

++ Fortalezas

- boa relación entre o persoal, bo ambiente laboral e vontade de colaboración nos equipos (aspectos intra-áreas)
- relacións fluídas e dispoñibilidade para colaborar entre áreas e servizos centrais (aspectos inter-áreas)
- Disposición para a mellora das actividades e procedementos
- Relación co estudantado e coas CAPD
- Dixitalización dalgúns procedementos

↪ Melloras

- información da Eido / Posgrao ante novidades e cambios relevantes
- mellora da comunicación para volver máis efectivos os procedementos e mellora da coordinación
- actualización da infraestrutura informática (interface máis amigable e utilizable)
- desenvolvemento de protocolos comúns en actividades relevantes
- formación orientada a aspectos clave dos estudos de doutoramento e formación de acollida

- Máis información: Táboas de datos PTXAS 2025 [anexo 5].

V Conclusións

- Os resultados de participación globais (taxas altas > 40%) melloran a primeira experiencia previa do 2021. Maior adhesión nos campus periféricos.
- Resultados de satisfacción globais en diminución, saíndo da área de satisfacción (valor *Aceptable* da escala). Non se acadou o obxectivo de calidade programado para 2024/25.
- A distribución das cuestións nas áreas de satisfacción (que se corresponden coa dimensión *Xestión da Titulación*) e insatisfacción (dimensión *Recursos*) non sufriron apenas cambios.
- A situación particular indesexable actual da infraestrutura informática ligada á xestión académica (transición da aplicación *Xescampus* a *Sigma*) contamina moitos dos criterios e provoca sobrecarga e preocupación/frustración.
- Preséntanse por primeira vez resultados por PD e por ramas de coñecemento, cunha significación estatística limitada.
- Gran necesidade de mellora a comunicación vertical (servizos centrais a áreas) e gran vontade de colaborar e mellorar a simplificación e harmonización das actividades e procedementos.
- Os grupos seguen a xerar unha grande variedade de ideas e propostas de mellora.

En termos de recomendacións, suxírese mellorar os mecanismos que garantan a participación nos grupos de traballo, co obxecto de acadar unha maior validez e harmonización nos resultados de participación e de satisfacción.

Non se produciron incidencias significativas durante o proceso.

Próxima avaliación programada (por confirmar): maio 2027.

VI Análise de Expectativas

Tal e como se establece no procedemento de Avaliación da Satisfacción, recoméndase realizar, cando menos, unha consulta sobre necesidades e expectativas a cada grupo de interese no ciclo estratéxico (actual 2022-2026).

Os resultados desta consulta 2025 ao PTXAS indican o seguinte:

- Posibles elementos con expectativa destacable (para engadir): non se identifican (no se mostran).
- Posibles elementos con expectativa para eliminar: non se identifican (no se mostran).

En consecuencia, o cuestionario semella seguir tendo validez.

VII Anexos

Anexo 1: Ficha técnica

Anexo 2: Cuestionario de satisfacción

Anexo 3: Melloras satisfacción PAS 2021

Anexo 4_1: Grupo Focal (GF) PAS 2025 Ourense

Anexo 4_2: GF PAS 2025 Pontevedra

Anexo 4_3: GF PAS 2025 Vigo_1

Anexo 4_4: GF PAS 2025 Vigo_2

Anexo 5: Táboas datos PTXAS 2025 (inclúe Análise de expectativas).